




# A GEIRA (CAMPO DO GERÊS)


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 8 km (lineal)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 3 horas



Unha camiñada polas proximidades do encoro de Vilariño das Furnas para percorrer un tramo da Geira, a vía romana que comunicaba Braga con Astorga, de interese paisahístico, biolóxico e histórico.

## PERCORRIDO:

Saíndo de Campo do Gerês cara ao encoro de Vilariño das Furnas chegamos a un cruzamento cunha pista de terra que indica España. Seguimos uns 400 m pola estrada cara ao encoro e atopamos, á dereita un camiño e un espazo de aparcamento. Ese camiño é o trazado da antiga Vía Romana (A Geira). Camiñamos seguindo río arriba un pouco máis de 1 km ata que volvemos de novo ao camiño, que segue en parte o antigo trazado. Desde o percorrido temos vistas do encoro de Vilariño das Furnas, das serras Amarela e de Santa Eufemia e cruzamos a Bouça da Mó, unha fraga cunha gran biodiversidade na que se mesturan especies atlánticas, mediterráneas e de ribeira. Á beira do camiño tamén atopamos dous agrupamentos de miliarios da antiga vía romana. Rematamos o percorrido na estrada que percorre, en parte, a Mata da Albergaría e, á esquerda, leva á Portela do Homen e, á dereita, á Portela de Leonte e a Caldas do Gerês. Parte da ruta pódese facer cun vehículo seguindo a pista de terra.

Non se debe facer esta ruta sen pasar antes pola Porta do Parque en Campo do Gerês e visitar as diferentes exposicións do museo.



Porta do Parque en Campo do Gerês e elementos da exposición sobre a Vía Romana.



Miliarios á beira do camiño





Encoro (albufeira) de Vilariño das Furnas, no río Homen




Fraga no val do río Homen




Érbedos na Bouça da Mó.



Ponte do Enxião  
en Campo do Gerês



Desde Campo do Gerês é posible facer unha circular completa que abrangue a Geira e a subida ao Pé do Cabril desde a Portela de Leonte, para logo baixar ao Campo do Gerês (uns 22 km).



Camiño polo  
interior da  
Bouça da Mó